


cultura e tradición

SIMBOLISMO

O teixo considerouse a través dos tempos como árbore sagrada, pero tamén era asociado a bos augurios e ás veces non tan bos (polo seu carácter venenoso). Segundo Estrabón, "os cántabros, galaicos e astures fixeron uso do letal veneno do teixo para suicidarse tras a batalla de Monte Medulio (Lucio Anneo Floro, Historia Romana, IV, 13)".



1.



2.



3.

1. Detalle de ramo colocado na porta dunha casa para escorrentar as tormentas e os malos augurios.

2. Ramo de teixo colocado na cruz dun camposanto. Este pequeno detalle mostra a arraigada tradición funeraria de orixe ancestral que aínda hoxe conservan algúns habitantes no mundo rural do territorio.

3. En grande parte da zona de estudio é moi común ver en igrexas e cemiterios teixos que se plantaron hai mesmo séculos, xa que son un símbolo de longa vida, quizais un símbolo de vida eterna. Tamén se plantaban nas prazas dos pobos, onde se realizaban os parlamentos.

Outro costume moi arraigada na Cordilleira Cantábrica é a plantación de teixos na entrada das casas, xa que o teixo era e segue sendo símbolo de protección (escorrenta os raios e tormentas, malos espíritos, etc).

USOS RECENTES. UTENSILIOS

A madeira de teixo é moi dura, compacta, resistente e imputrescible. Xa na prehistoria realizábanse arcos e outros instrumentos con madeira de teixo, e no medievo os concellos de varios territorios reservábanse os teixos para facer bestas (Ex. Foro de Plasencia, século XII). Os pastores coñecían as súas propiedades abortivas para o gando, e confeccionaban os bastóns ou zarras, colariños, badalos e chocallos para as ovellas. Tamén se realizaban talles relixiosos e utensilios como culleres, garfos, pratos, etc. Moi frecuente era o seu uso como estacas para peches, eixes de muíño, pezas para carruaxes, útiles de labranza, instrumentos musicais, etc.



Prato de madeira de teixo para a elaboración da manteiga, chamado "Prato macho".

CONSERVACIONISMO. DIFUSIÓN DA ESPECIE E O HÁBITAT NA ZONA DE ESTUDO

Nas últimas décadas houbo varias iniciativas para a conservación do teixo por parte de grupos conservacionistas como "A Morteira" no Bierzo, Laciana e Cabrera, "Asociación de Amigos del Tejo y las Tejedoras", "Grupo para el Estudio y Defensa de la Montaña Central Leonesa", Asociación "El Encubiello", Las Salas (León), Asociación Salvagoro (Araba), etc.

